


Pedro Feijoo: “A liorta entre Vigo e A Coruña é un despropósito no que perdemos todos”

Publicado el 29/10/2015 por Guillermo Pardo en People, Últimas publicaciones con 1 Comentario



Pedro Feijoo guiará un paseo literario pola Coruña de Rosalía e Murguía / Foto: Facebook do autor

GUILLERMO PARDO / Dous ensaios, tres novelas -a última acaba de saír do prelo-, dous premios literarios e un finalista en só tres anos fan de Pedro Feijoo un dos escritores con máis sona da literatura galega actual. O favor do público sorrille a este vigués que, coma se dun personaxe de Le Carré se tratase, foi filólogo e músico antes que escritor. O vindeiro sábado, 31 de outubro, encabezarán un novo [paseo literario promovido polo Concello da Coruña](#).

– **Chama a atención que un vigués residente en Barcelona guíe un paseo pola Coruña...**

– Si, pero mira, neste mundo haiche cousas bastante máis curiosas. Ou acaso a ningún lle chama a atención o feito de que un fulano como Mariano Rajoy, un tipo que cada vez que escoita a palabra “cultura” teña que botar man do dicionario, sexa presidente do Goberno?!

– **Ten definido o recorrido? A que hora e de onde partirá?**

– Pois si, curiosamente (e sen que sirva de precedente) si que o teño definido. Sairemos ás doce do mediodía desde a praza do Humor.

– **Rosalía e Murguía encaixaban na Coruña que viviron?**

– Eu sempre tería apostado ao “non”. Pero non polo feito de estaren na Coruña ou en calquera outro lugar. O matrimonio formado por aquela estraña parella era avanzado de máis, mesmo para os nosos días. Agora ben, con todo, o certo é que souberon facer da cidade a paisaxe perfecta para o seu proxecto. Moi especialmente Murguía...

– Onde latexa o ritmo literario da Coruña?

– A ver, estamos falando dunha cidade atlántica, aberta ao mundo, ao tempo urbana e rural, fundada sobre un mito, fogar dun deus celta e da súa descendencia, cunha historia salferida de xestas épicas e coas súas propias heroínas... Home, eu creo que aquí o difícil é localizar onde non latexa ese ritmo, non?

– Se tivese que escoller un escenario coruñés para unha novela, por cal se decantaría?

– Moi probablemente, e sen ter que pensalo demasiado, nese espazo onde a cidade moderna, a das altísimas torres, casas das ciencias e escolas de arquitectura, se atopa coa súa propia historia. No encontro de Álvaro de Siza con María Pita, nun segredo agochado por Parlier na tumba do xeneral Moore, nas tebras do cemiterio de San Amaro, nun amor roubado durante un concerto dos Diplomáticos, na praia do Orzán, cun poeta romántico afogándose nas ondas do mar bravo, con Murguía sepultando os segredos de Rosalía (ai, non, que esa xa a fixen...). Vamos, home, só un? Imposible...

– Trate de imaxinalo: aínda que hai cen anos de diferenza entre as batallas de Rande e Elviña e dado que a ficción pode con todo, en que novela histórica encaixarían? A resposta pode servir tamén como recomendación literaria.

– Pois eu téño moi claro: nunha probablemente aínda por escribir na que se conte o grandísimo erro de España, o de ter vivido sempre de costas ao progreso. Unha obstinación constante na historia primeiro de Castela e logo de España. Tomo nota...

– A propósito, a suposta liorta entre Vigo e A Coruña é ficción ou sinrazón?

– De “suposta” nada. Trátase dunha liorta que, lamentablemente, non ten nada de ficción. Existe, e é outro exemplo máis dese deporte tan arraigado en Galiza, o de andar sempre a hostias co veciño. Unha disciplina estúpida á que nos empeñamos en xogar sen acabar de comprender nunca que en realidade nese despropósito non gaña ninguén: simplemente perdemos todos. Unha verdadeira traxedia...

– Con que produto típicamente vigués maridaría as ameixas do Parrote?

– Home, por ser típicamente vigués supoño que coas ostras da Pedra. Pero, se prefires unha resposta máis sincera... diríache que esas ameixas, co que maridan máis que moi ben é coa miña fame! (que non sei se é moi típica da cidade, pero bueno, iso xa o arraxariamos despois...).

– Cunha curta carreira narrativa, vostede é xa autor de tres novelas: Os fillos do mar, A memoria da choiva e Morena, perigosa e románica, que acaba de saír, tamén en castelán. Partindo de que os pais queren a todos os fillos por igual e de que buscan o mellor partido para eles, con que tipo de público casaría cadanseu?

– Todas elas co mesmo tipo de público: aquel que teña ganas, ante todo, de entreterse cunha boa historia, de recuperar a sensación de estar a pasalo ben cun libro sen se decatar de que (oh, sorpresa!) se trata dun libro galego, que conta en galego unha historia que só se podía ter dado en Galiza. E que estea disposto a ser polígamo, claro...

– Verdadeiro ou falso?: o humor vencellado ao drama quítalle verosimilitude aos argumentos.

– Dous pringaos sen oficio nin beneficio deciden que o mellor que poden facer para poder meter cocaína de contrabando en Galiza é... construíren o seu propio submarino! Non teñen experiencia, a penas teñen medios e para colmo deciden construílo en Gondomar, vila ao sur de Pontevedra que, entre outras curiosidades, conta co feito de non ter mar, polo que, para botar o batiscafo á auga, terán que cargalo nun remolque de merda e pasar por diante da Garda Civil co periscopio asomando por riba das lonas... Cómico, verdade? A traxedia está no feito de seren dous malparidos, afogados polas débedas, sen máis saída posible, que, desesperados, acabarán dando cos seus ósos no cárcere. Non sei se isto que che conto é verosímil ou non, pero o importante é que é un caso absolutamente real. A vida, a de verdade, nunca é absolutamente cómica ou absolutamente trágica. É vida, e, o que é máis curioso aínda, a ela impórtalle un carallo se resulta verosímil ou non... O resto son as máis ou menos ganas que nós teñamos de complicarnos a cabeciña...

– En que proxecto literario está a traballar, se pode saberse? Vai haber sorpresa?

– Efectivamente, si estou traballando nun novo proxecto. Pero prefiro non contar nada ao respecto porque, se o fago, despois a xente enfádase comigo se o resultado non é o que eles decidiran de antemán que tiña que ser... Sorpresa? Bueno, supoño que a estas alturas é inevitable: nesta última novela a sorpresa foi que non pretendese dar ningunha sorpresa! Ás veces, este país é tan complicado que nin os de Ikea serían capaces de deseñarlle unhas instrucións de montaxe adecuadas...

Outras entrevistas

Dores Tembrás: “O pulso poético da Coruña é extraordinario”